



PLAN DE ACOLLIDA CEIP de GALÁN



ÍNDICE

- Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial, ou, de ser o caso, non presencial.
- Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.



Segundo as Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico o centro elaborará un Programa de Acollida. Este documento será presentado ao Consello Escolar.

1. Novas normas de funcionamento

O plan de acollida á situación Covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas normas de funcionamento. Reflectimos as máis salientables.

A) Adaptación

ASUNTO	MODIFICACIÓN COVID	
	INFANTIL	PRIMARIA
Horario de entrada	<ul style="list-style-type: none"> • Cando chegue o transporte (8:50 a 9:00) • Alumnado non transportado (9:10 a 9:20) • Alumnado que chegue tarde: a partir das 9:20 	<ul style="list-style-type: none"> • Transportado cando chegue (8:50 a 9:00) • Alumnado de a pé: 9:00 a 9:10 • Alumnado que chegue tarde: a partir das 9:20
Horario de saída	E. I: 13:50 4º E.I: 13:50 5º E.I: 13:55 6º E.I: 14:00 Polo seu patio de infantil. As familias de 4º E.I poderán esperar na zona de espera dentro do recinto.	Por cursos e escalonada 1º: 13:20 4º: 13:35 2º: 13:25 5º: 13:40 3º: 13:30 6º: 13:45 Portas de acceso ao centro.
Gardas de entrada	Haberá 2 mestras na	Haberá 5 docentes: 1 cancela,



	hall interior e no exterior de 9:10 a 9:20 para a recepción do alumnado.	2 hall interior e 2 nas escaleiras.
Gardas de saída	Profesorado de infantil máis apoio do profesorado especialista que imparte clase ao grupo.	Profesorado da última sesión máis profesorado de apoio ao alumando con necesidades, n.e.e e trastornos de conduta.
Gardas de recreo	1 docente por grupo e 1 de apoio O profesorado de apoio velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado.	1 docente por grupo e 2 de apoio O profesorado de apoio velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado.
Horarios de recreo 2 recreos	10:55 a 11:25 11:25 a 11:55	11:25 a 11:55 (1º, 2º e 3º) 11:55 a 12:25 (4º, 5º e 6º)
Espazos de recreo	Patio de infantil e salón de usos	Patio exterior, patios interiores (3), pavillón, zona exterior do pavillón e a zona de horta.
Acompañamento do alumnado	No nivel de 4º de E.I o alumnado poderá chegar acompañado dun familiar e agardar no espazo diferenciado dentro do centro. No resto dos niveis as familias non poderán entrar ao centro.	No se permite a entrada dos proxenitores ao centro educativo. O persoal coidador do centro acompañará ao alumnado con n.e.e. No caso de alumnado de nova incorporación será permitida a entrada da familia no recinto durante o período de adaptación mentres agardan a ser atendidos.
Titorías	Priorízase a reunión das titorías vía telemática ou por teléfono.	Priorízase a reunión das titorías vía telemática ou por teléfono.
Biblioteca	Espazo habilitado para impartir atención educativa 4º E.I e 5º E.I Uso por curso.	Promoveranse as bibliotecas de aula.



Aula de inglés 1	Atención educativa 6º E.I	Valores 1º e 2º
Aula de apoio		Valores/Relixión 3º e 4º
Aula de inglés 2		Valores/Relixión 6º
Aula destinada a Relixión		Valores / Relixión 5º
Mobilidade	Irán acompañados dun docente ou de persoa cuidador. Circularán pola zona da dereita dos corredores segundo o sentido da marcha. As saídas aos baños serán de 1 en 1.	
Actividades interniveis	Tal como indica o protocolo non se levarán a cabo actividades nas que se mesture alumnado de distinto nivel.	



2. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

PREVENCIÓN: Obxectivos	
1. Evitar aglomeracións <ul style="list-style-type: none">• Organizar as entradas e as saídas.• Reorganizar as zonas de recreo.• Regular o acceso aos aseos.	
2. Distancia social <ul style="list-style-type: none">• Distribuír os pupitres nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado.• Evitar situacións de contacto físico.• Eliminar mobiliario das aulas.	
3. Responsabilidade persoal	Profesorado e persoal non docente realizará a enquisa covid antes de acudir ao centro.
	Familias ou titores e titoras Deben comprometerse a non enviar aos seus fillos e fillas se presentan algúns síntomas compatibles coa Covid Cumprimentarán a declaración responsable e entregarana no centro.
	Alumnado Respectar as normas do centro amosadas na cartelería e tratadas nas aulas.



HIXIENE XERAL DO CENTRO

- Reforzar o servizo de limpeza aumentando o persoal.
- Realizar desinfeccións dos aseos dúas veces na mañá e unha vez máis antes e despois dos recreos.
- Establecer un control da limpeza nos aseos.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns polas tardes.
- Establecer un control de ventilación correcta e abundante nas aulas.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado

RUTINAS DE RESPONSABILIDADE INDIVIDUAL

Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso dándolle un sentido pedagóxico de educación cívica e respecto, independentemente do traballo que debe facer o persoal de limpeza pero tamén facilitando a súa labor. Serían os casos:

- Limpar todo o que usen na aula.
- Limpeza da mesa antes e despois de merendar.
- Deixar as clases o máis recollidas posibles e as mesas libres.
- Xestión dos residuos de xeito correcto: papeleiras de pedal e tapa para panos, máscaras e luvas.

Para isto as aulas e espazos comúns están dotadas do seguinte material:

Dispensadores de parede de xel hidroalcolico en todas as aulas e espazos comúns.

Xabón nos aseos.

Dispensadores de panos desbotables en todas as aulas, aseos e espazos comúns.

Solución desinfectante: nas aulas.

Papeleiras de pedal e tapa en todas as aulas, espazos comúns e aseos.



PROTECCIÓN

Máscaras. Uso de máscaras homologadas

Uso obrigatorio para todo o profesorado e persoal non docente.
Uso obrigatorio para todo o alumnado en zonas comúns e recreos.
Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria dentro das aulas.
Uso recomendable para o alumnado de infantil dentro das aulas.
Uso obrigatorio das máscaras para visitas.
Uso obrigatorio de máscaras no transporte escolar.

Pantallas

Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible (PT/AL).

Mamparas

Contemplanse mamparas nas aulas de apoio e no departamento de orientación.
Mamparas nos despachos.

Luvas

Non se contemplan como uso xeral pero sí para casos específicos como sospeita de abrochos, manipulación de lixo...



D) ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO NON PRESENCIAL.

A formación básica que un alumno ou alumna (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantía no caso de ter que realizar ensino non presencial é:

- Acceso á Aula Virtual.
- Acceso á Eva E-Dixgal.
- Acceso aos diferentes cursos / áreas nos que estén matriculados.

Por outra banda as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro:

- Aplicación AbalarMóbil, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías, xustificar as faltas e recibir mensaxes do centro ou do profesorado.
- Correo electrónico: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámite. A dirección de correo é : ceip.galan@edu.xunta.gal
- Teléfono: comunicación directa e inmediata. O teléfono é 881880903.

As accións formativas que se levarán a cabo estarán coordinadas polo equipo Tics.

- Formación básica proporcionada polo equipo TIC
- Cursos de formación ofertados polo CFR de cursos de ferramentas tecnolóxicas e institucionais.

Unha importante porcentaxe do noso alumnado non ten acceso a un equipo informático con ou sen conexión a internet, o que supuxo no curso anterior unha desventaxe. Intentouse solventar este atranco facendo préstamo de netbooks do centro e conexión a internet polo concello.



E) ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN GRUPOS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

É tal vez o aspecto máis urxente a ser atendido co noso alumnado.

A tremenda situación do confinamento fixo que os nenos e nenas tiveran que deixar o seu entorno escolar, as súas relacións cotiás, as rutinas, o xogo cos compañeiros e compañeiras... Esta volta á escola quere ser o máis segura e sá.

Para que a volta sexa o máis acollidora posible programaranse diferentes actividades.

Proposta de actividades:

- Despedirse do curso anterior escribindo unha carta aos compañeiros e compañeiras e ao profesorado.
- Traballo das emocións comúns neste tipo de situacións: o medo, a tristeza, a ansiedade...
- Suplir o contacto físico por comunicación xestual ou non verbal (imaxes, mímica...)
- Fomento da resiliencia no alumnado.
- Potenciar valores cívicos como son a solidariedade, a empatía, a saúde, a reponsabilidade, a non discriminación...
- Lectura de contos relacionados co coronavirus.
- Crear contos de como vencer ao virus.

Estas actividades desenvolveranse coa colaboración do Departamento de Orientación.